

Elba Veleiro concorrirá ás municipais cunha candidatura renovada nun 50% para consolidarse como “a alternativa ao Goberno do PP”

Subraia que os principais diferenciais serán: “acordo e diálogo fronte á imposición; respecto fronte á intolerancia; e sosego e acougo fronte á prepotencia”

A candidatura é un reflexo da sociedade actual. Ademais de mesturar experiencia nos seis primeiros postos, nos que figuran tres dos edís socialistas actuais, é unha aposta pola xuventude formada e traballadora e por profesionais de recoñecido prestixio e consideración social acreditada non só no municipio, senón tamén en toda a comarca

Cumpre escrupulosamente o principio da paridade. Destaca a presenza de membros de Xuventudes Socialistas en catro dos 17 postos principais e a incorporación de persoas independentes

VILALBA, 28 DE FEBREIRO DE 2015.- A agrupación socialista de Vilalba, con Elba Veleiro á cabeza, mantivo no día de onte, a partires das 20:30 horas, unha reunión na que aprobaron a candidatura coa que o PSdeG vilalbés concorrirá ás eleccións municipais de maio. Trátase dunha lista formada por 17 integrantes, e profundamente renovada, pois o obxectivo, engade a candidata á Alcaldía, é “consolidarse como un equipo no que a experiencia política e a renovación vaian da man para tomar a alternativa do actual equipo de Goberno, iniciando un camiño totalmente distinto do que nos ten acostumados o Partido Popular”. Neste senso, Veleiro subraia que “os principais diferenciais serán: acordo e diálogo fronte á imposición; respecto fronte á intolerancia; e sosego e acougo fronte á prepotencia”.

A candidatura é un reflexo da sociedade actual. Ademais de mesturar experiencia nos seis primeiros postos, nos que figuran tres dos edís socialistas actuais, é unha aposta pola xuventude formada e traballadora, polos mozos e mozas en periodo de formación e por profesionais de recoñecido prestixio e consideración social acreditada non só no municipio, senón tamén en toda a comarca. Deste xeito, destaca a presenza das Xuventudes Socialistas, en catro dos 17 postos. É o caso de Marta Rouco, Rodrigo Pavón e Vanesa Siso no terceiro, cuarto e quinto posto, respectivamente.

Asimesmo, outro dos perfís que se incorpora é o de persoas independentes. Trátase da pediatra Maite García Basteiro, no posto 8, e o cociñeiro Ángel Campos López, no número 9.

Candidatura completa e perfís profesionais

Deste xeito, a candidatura, que foi aprobada por unanimidade, e que está integrada por 22 persoas, 11 mulleres e 11 homes, respectando así escrupulosamente o principio da paridade, é a seguinte:

1. M^a Elba Veleiro Fernández. Licenciada en Medicina
2. Eduardo Vidal Baamonde. Licenciado en Veterinaria.
3. Marta Rouco Seoane. Licenciada en Ciencias Políticas e Máster en Administración Financieira e Tributaria.
4. Rodrigo Pavón Prieto. Licenciado en Dereito

5. Vanesa Siso Calvo. Licenciada en Xornalismo
6. Luis Fernández Álvarez. Diplomado en Ciencias Empresariais
7. Jesús Ares Fraga. Licenciado en Veterinaria
8. María Teresa García Basteiro. Licenciada en Medicina. Especialidade en Pediatría
9. Ángel Campos López. Cociñeiro
10. Isabel Díaz Ramos. Enxeñeira Forestal
11. Estefanía Rodríguez Pereira. Estudante
12. Ángel Souto Rego. Gandeiro
13. Isabel Mariño Crespo. Desempregada
14. Francisco José Monasterio Solveira. Pequena Empresa
15. Sergio Seoane Campello. Autónomo
16. Clara López Montes. Empregada
17. Xosé Teixeiro Pérez. Mestre

Como suplentes:

1. Margarita Gómez Novo. Licenciada en Filloxía Hispánica
2. Fernando Justo Díaz. Xubilado
3. Rosalía Otero Gallego. Enfermeira
4. Miguel González Montes. Estudiante de Medicina
5. Antía Otero Maseda. Empregada